



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SECRETARÍA XERAL

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS DIRIXIDAS AO PERSOAL AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DEBIDO Á EPIDEMIA DO CORONAVIRUS COVID-19

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE núm. 67 da mesma data e seguindo a recomendación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza establecidas na Resolución de 15 de marzo de 2020 publicada no DOG núm. 51 da mesma data, faise preciso ditar as instrucións necesarias para garantir o mantemento da prestación dos servizos públicos esenciais con medidas que contribúan a contención da enfermidade

En consideración ao exposto

RESOLVO:

Primeiro. Os servizos de Rexistro e Atención Cidadá e Asistencia ao Contribuínte funcionarán só por medios telefónicos e telemáticos.

Non se poderá acceder por parte da cidadanía ás oficinas dos diversos servizos provinciais.

Segundo. Todos os empregados públicos cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende os seus domicilios na modalidade de traballo non presencial. A tales efectos, a administración facilitará fórmulas de teletraballo ou de traballo a distancia, sempre que o permita a dispoñibilidade técnica.

Terceiro. Todos os empregados públicos que realicen funcións que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, salvo que desempeñen funcións de carácter esencial.

Este persoal deberá estar localizables e acudir presencialmente aos seus lugares de traballo se así se require por necesidades do servizo.

Cuarto.- En todo caso, considéranse funcións de carácter esencial as vinculadas a funcións tales como a seguridade, mantemento, conservación e limpeza de edificios, mantemento de vías provinciais e patrimonio cultural e medioambiental, comunicacións e outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información, pagamento a provedores, pagamento de subvencións, habilitacións, teleasistencia, asistencia técnica, xurídica, económica e tecnolóxica a municipios, Boletín Oficial da Provincia, rexistro de documentos, atención cidadá e ao contribuínte, contratación e recursos humanos e, en particular, prevención de riscos laborais, así como todas aquelas que se determinen por considerárense necesarias para garantir a continuidade das funcións básicas.

Son funcións de carácter esencial que deben desempeñarse presencialmente as desenvolvidas no Fogar Infantil Emilio Romay.

Tamén se consideran funcións esenciais as desempeñadas polos membros da Corporación, e as da Secretaría Xeral, Intervención Xeral, Tesourería e Oficialía Maior, e xefes/as de servizo.

Quinto.- No caso do Fogar Infantil Emilio Romay en que as funcións de carácter esencial deben desempeñarse presencialmente, estableceráse un Protocolo específico para garantir a prestación do servizo e minimizar ao máximo o risco de contaxio laboral. Este protocolo poderá afectar a calquera traballador da Deputación

Sexto.- En aplicación do Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos desta administración provincial. O cómputo de prazos reanudarase no momento en que perda vixencia este acordo ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Sétimo.- Queda suspendida a celebración de todos os procesos selectivos en curso ata nova comunicación.

Octavo.- Quedan suspendidas tódalas reunións agás as que sexan expresamente autorizadas, por razón de urxencia o interese xeral, polo sr. Presidente.

Noveno.- Estas medidas de carácter extraordinario terán a duración imprescindible para dar resposta á situación que motivou a súa adopción e poderán ser revocadas por necesidades do servizo e, en todo caso, cando cesen as recomendacións das autoridades sanitarias.

Décimo.- Constitúese a Comisión de Seguimento e Coordinación para a evolución do COVID 19 na Deputación, constituída polo vicepresidente da Deputación, o Deputado de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior, o Xefe de Servizo de Organización e Xefa de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, que ditará as instrucións que corresponda.